

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Modificación das bases de 2 prazas de policía local

MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN POR PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE, PARA COBERTURA EN PROPIEDAD DE DÚAS PRAZAS VACANTES DO POSTO DE POLICÍA LOCAL, GRUPO C, SUBGRUPO C1, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS

Por Acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 21 de xuño de 2017 aprobouse a modificación das seguintes bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 104, de data 5 de xuño de 2017, da convocatoria de proceso selectivo por procedemento de oposición libre, para cobertura en propiedade de dúas prazas vacantes do posto de policía local, grupo C, subgrupo C1, escala administración especial, subescala de servizos especiais:

1. Na base terceira apartado e) debe suprimirse a seguinte dicción: “con BTP”.
2. Na base sexta onde di “artigo 28 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común”, debe dicir “artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público”.
3. Modificar a base cuarta apartado b) adicionando o seu contido a seguinte dicción: “segundo as disposicións educativas sobre a materia. Así mesmo, e só para os efectos de acceso a empregos públicos, a superación das probas de acceso á Universidade para maiores de 25 anos, homologadas polo órgano competente, considérase equivalente á obtención do título de Bacharel, sempre que se acredite algún dos requisitos establecidos no artigo 4.3 da Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño”.

Arteixo, 26 de xuño de 2017.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Por delegación, Decreto n.º 1336/2015

Asdo.: José María Sánchez Novo

Concelleiro de Persoal e Réxime Interior

Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO

2017/5750